

PLAN DIXITAL DE CENTRO

GUIÓN

PLAN DE ACCIÓN

2ª SESIÓN DE FORMACIÓN

1. Introducción

O Plan Dixital de Centro



Plan de Acción



Liñas de acción

- ✓ Descrición
- ✓ Data prevista de fin
- ✓ Valoración da acción
- ✓ Responsables
- ✓ Recursos necesarios
- ✓ Estado
Realizada/Pendente/Aprazada

Desde a posta en marcha da Rede Galega de Educación Dixital (DixitalGal), no pasado mes de novembro de 2021, estivemos traballando na recompilación de información sobre a situación actual dos centros empregando como ferramentas SELFIE para centros e o Test de Competencia Dixital Docente (T-CDD), a través das cales obtivemos dous informes que foron empregados para a elaboración da Análise DAFO. Este documento simple pero que recolle un inxente esforzo reflexivo realizado por parte do equipo directivo, profesorado e alumnado de cada centro, servirá agora de punto de partida para concretar o **Plan de Acción** que nos permitirá a elaboración do **Plan Dixital de centro (PD)**.

A infraestrutura tecnolóxica ten que ser definida de xeito coherente co marco pedagóxico e o proxecto educativo de centro, e só esta subordinación da tecnoloxía á pedagogía garante unha integración sostible que promova a aprendizaxe.

É posible que na versión 1.0 do PD non sexamos quen de abranguer todos os ítems recollidos na Análise DAFO, polo que deberemos seleccionar unhas **áreas de mellora** e buscar, en cada unha delas, cales son os obxectivos prioritarios para poder superar as debilidades e ameazas detectadas empregando as oportunidades e fortalezas. Estes obxectivos, relacionados coas súas correspondentes accións serán incluídos no PD e actualizados cada curso académico.



2. Plan de acción desde o DAFO

Unha vez precisado o noso horizonte (cara a onde queremos que vaia noso centro educativo) e analizada a situación de partida, chega o momento de definir o Plan de Acción.

O deseño do Plan de Acción debe realizalo o Equipo de Dinamización do Plan Dixital en colaboración co claustro, en especial coas persoas que forman parte do PFPP (líña1 do Plan Dixital). Na medida en que o traballo sexa realmente froito da colaboración, o resultado final será un instrumento máis realista, viable e asumible por toda a comunidade educativa.


A formulación do Plan supón levar a cabo os seguintes **pasos**:

I. Determinar os obxectivos que queremos conseguir

A partir do DAFO elaborado estableceranse unha selección de obxectivos **(1)**¹, buscando que solucionen debilidades ou afronten ameazas aproveitando, se é posible, as fortalezas e oportunidades. Ten importancia englobalos nas áreas de mellora segundo o [Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes \(DigCompOrg\)](#), para poder relacionalos nunha futura sesión de SELFIE.

Resulta fundamental facer unha selección de **áreas prioritarias** (en función das debilidades e ameazas detectadas) de modo que podamos escoller obxectivos relevantes, aliñados coas necesidades e expectativas da comunidade, en relación coa mellora da súa capacidade dixital e que desenvolveremos no curso 2022/23.

Pensar nos obxectivos, tendo presente o **cambio que queremos conseguir** no noso centro, pode axudarnos a que contribúan realmente á súa transformación dixital.



Áreas de mellora segundo o marco #DigCompOrg.

¹ As referencias numéricas fan alusión á **Táboa 1: Plan de acción do Proxecto Dixital de Centro**. Trátase dunha táboa modelo para a redacción de obxectivos no contexto do Plan de Acción.

Recomendamos que os obxectivos sexan:

- **Específicos.** É dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera persoa do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como.
- **Medibles.** Responderán a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible non poderemos saber cando o acadamos.
- **Alcanzables.** É dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles.
- **Relevantes.** Debemos buscar obxectivos orientados a mellorar resultados importantes no ámbito da nosa organización educativa.
- **Definidos no tempo.** Isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que nos permitirán alcanzalos.



[Wikimedia Commons, traducido. Objetivos SMART \(CC BY-NC-SA\)](#)

Para completar a redacción dos obxectivos cumprindo as recomendacións anteriores, faise preciso concretar **ata onde** queremos chegar para cada un deles e **con que** elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.

Un **indicador (2)** ten como finalidade axudar á recollida de **datos**, polo tanto debe responder a escalas numéricas, ir acompañado dun **valor de partida (3)** que informa da situación inicial do obxectivo, e dun **valor previsto (4)** que reflicte a situación á que queremos chegar, o que nos permitirá valorar se temos acadado ou non o obxectivo². A **data límite** para conseguilo establece o marco temporal no que se debe alcanzar o valor previsto.

A suma de **obxectivo + indicador + valores + data** é a que reflicte se o conxunto acada as condicións **"SMART"**.

² Na Táboa 1: Plan de acción do Plan Dixital de centro, a carón da descrición do obxectivo, preséntase a opción de marcar se está ou non "acadado" a partir da recollida e análise dos datos que especificamos no indicador, de aí a importancia de que sexa "medible".



Exemplos de obxectivos SMART

Obxectivo 1: Desenvolver instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais colaborativas

Indicador: N° de rúbricas creadas e compartidas na aula virtual.

Valor previsto e data: 10 rúbricas creadas e compartidas na aula virtual do centro ao remate do curso 2022/23.

Obxectivo 2: Crear canles de comunicación e colaboración do profesorado do centro

Indicador: Porcentaxe de participación do profesorado no foro de información do curso de titoría de cada un dos grupos nos que imparte docencia.

Valor previsto e data: O 50 % do profesorado escribiu mensaxes nos foros de titoría de todos os cursos nos que imparte docencia na aula virtual do centro ao remate do curso 2022/23.

Observacións: As cinco cualidades SMART acádanse na redacción conxunta do obxectivo, o indicador, o valor previsto e a data.

II. Determinar as accións para conseguir cada obxectivo


Para lograr os obxectivos anteriores debemos concretar **accións** que os desenvolvan **(5)**, elixir os **responsables** das mesmas **(6)** (áreas, departamentos, docentes...), acordar unha temporización (data de fin prevista) **(7)**, determinar os **recursos** necesarios **(8)**, (materiais e humanos) e **valorar o seu cumprimento (9)** facendo un **seguimento do estado (10)** (realizada, pendente ou aprazada).

Na **táboa 1: Plan de acción do Proxecto Dixital de Centro** preséntase un esquema de deseño para cada obxectivo do Plan de Acción que formará parte do Plan Dixital.

O Plan Dixital de Centro



ESQUEMA: LIÑAS DE ACCIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN



Exemplo: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora":							
1. OBXECTIVO (3):		Desenvolver instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais colaborativas				Acadado	
RESPONSABLE:		Xefatura de Estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Número de rúbricas creadas e compartidas na aula virtual					
Valor de partida (3)		0 rúbricas creadas e compartidas na aula virtual do centro					
Valor previsto e data (4)		10 rúbricas creadas e compartidas na aula virtual do centro			Ao remate do curso 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO1.1: Creación dun grupo de traballo interdisciplinar para deseñar as rúbricas.	Xefe/a de estudos	1º trimestre	Convocatoria	Observacións do estado (por que se apraza ...)	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Determinación de tarefas conxuntas/ interdisciplinarias que sexan avaliáveis mediante rúbricas.	Grupo de traballo	2º trimestre	Actas de reunións Rúbricas		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Publicación e proba das rúbricas. Revisión se é o caso.	Grupo de traballo	3º trimestre	Rúbricas		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

- Engadir novas táboas, tantas como obxectivos; e tantas filas para indicadores e accións como sexan precisas.

Axuda para completar a táboa:

(1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recomendámosvos que estes obxectivos sexan:

- a. **Específicos (Specific):** Deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- b. **Medibles (Measurable):** Deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado.
- c. **Alcanzables (Achievable):** Poden e deben ser ambiciosos, pero posibles.
- d. **Relevante (Relevant):** Debemos formular obxectivos que leven consigo un beneficio importante para a organización educativa.
- e. **Definidos no tempo (Time bound):** Isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** o **Non acadado**).

(2) **INDICADOR: Define os indicadores que vos permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.

(3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) da situación inicial do centro.

(4) **VALOR PREVISTO:** É a cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar cunha **data** límite para acadalo.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

(5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase "AO1.1.", a segunda "AO1.2." e así sucesivamente).

(6) **RESPONSABLES:** Que son as persoas implicadas e responsables de realizar a liña de acción.

(7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que finalizaría a acción completamente.

(8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas orzamento etc).

(9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

(10) **ESTADO:** Podemos utilizar esta mesma táboa para reflectir de xeito rápido na avaliación do Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.

Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora":						
2. OBXECTIVO (1):					Acadado	
RESPONSABLE:					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)						
Valor de partida (3)						
Valor previsto e data (4)						
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

[Plan dixital de centro. Guión - Plan de acción. 2ª Sesión de formación. V4. Revisado o 08/04/2022]